

Proxecto EDA

Experimentación con Descartes na Aula. Galicia 2008

PRÁCTICA 4: DESENROLO

Hai máis ordenadores na sala que alumnos e alumnas polo que cada un traballou co seu.

O primeiro que fixeron foi cubrir a enquisa inicial.

Nas primeiras sesións o alumnado familiarizouse co nippe Descartes sen dificultades, algúns preguntaron pero a maioría aprendeu pola súa conta.

Empezan a bo ritmo facendo sen dificultades a folla de traballo pero ao chegar a parte das funcións trigonométricas empezan a bloquearse e piden que llo explique no encerado. Facemos dúas sesións na aula, preguntan as dúbidas que teñen e explico por riba as cousas máis importantes da unidade. Volvemos a subir e volven a traballar a bo ritmo.

Observo que o alumnado traballa individualmente pero consulta as dúbidas co profesor e os seus compañeiros e compañeiras, ademais observo que non se copian uns dos outros polo que a colaboración é positiva. Nese momento decido non puntuar as follas de traballo, eles mesmos as corrixen consultando os resultados e se os resultados non coinciden preguntan ao profesor (cabe destacar que este é un grupo bo con interese en acadar boas notas).

Antes de comezar a unidade 2, vamos á aula normal unha sesión e explico por riba o teorema dos senos, o do coseno e como se resollen triángulos. Volvemos á aula de ordenadores e todos realizan a folla de traballo desta unidade sen problemas. No desenrolo desta unidade tiveron que faltar un día e o alumnado seguiu traballando co profesor de garda.

A unidade 3 é un repaso do que xa miraron en 4º da ESO polo que lles resultou sinxelo, para min foron un pouco aburridas estas clases xa que non tiñan dificultades e case non preguntaban.

A unidade 4 aínda que tamén era un repaso de 4º de ESO custoulles máis, preguntaron bastante e a maioría tivo que estudar pola súa conta a parte de lugares xeométricos xa que no lles deu tempo a miralos na clase. Ningún alumno se queixou de que os lugares xeométricos entraran no exame aínda que moitos non o miraran na clase.

Non deu tempo a comezar a unidade 5 (cónicas), feito que xa esperaba antes de comezar, pero como non sabía como ía resultar preferín programar de máis, por se acaso.

Rematada a experiencia decido que fagan un exame das unidades 2 e 3 só con calculadora e outro exame das unidades 1 e 4 cos medios cos que contaron na aula de informática: ordenador, calculadora e libro de texto.

Despois dos exames e unha vez coñecidas as notas da avaliación, cubriron a enquisa final.

Na práctica 5 analizarei os resultados das enquisas e dos exames.